



A exposición
"Galicia, de Nós
a nós"
inaugurouse en
Ourense



Páxina XI

A Residencia de
Celanova segue
sen servizo de
enfermaría 24
horas



Páxina XI

A soprano Sara
López ofreceu
un recital lírico
en Sober



Páxina XII

A Xunta investirá
400.000€ no
Colexio do
Cardeal de
Monforte



Páxina XIII

O Pazo de
Diamondi no
Saviñao terá
albergue de
peregrinos



Páxina XIII

Foxo quere un
monumento
para Ludivina,
cantareira de
seitura



Páxina XV



Ourense será sede galega da Casa da Lusofonía

Páxina XV

Entrevista



Jacobo Sutil, director da AGADIC

"A idea da Filmoteca de Galicia
é pór a disposición do público
os fondos que temos recollidos"

Páxina VI

Trocadero




Restaurante

Tapería



Rúa Remedios, 18. Tfns. 988 295212. 628400403. Ourense.

Humor

MARTIRENA

ANTOMS

FUCO PRADO


Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Volvemos ao abandono?

Máis que de xantares, sabemos de fames. Máis que coñecementos, de ignorancias e ausencias de saber, que dan lugar a cavernas filosóficas onde se incentivan calumnias que esconden simpáticas diatribas de velada adormecida e manipulada. Máis ca de gobernos sabemos de desgustos e malgastos, de desleixo e abandono, de fracasos, de desconcerto e desorde, de diagnósticos errados, de sabernos ingobernados, desgobernados e insolentemente desgobernables -consecuencia de sabernos ignorados- nesa anarquía de sabernos nas mans incompetentes, lonxe de sinxelos xerentes da cousa pública, ou daquela xente capaz de xestionar solucións, de procurar camiños, de ver antes cá nós porque están atentos e precipitan arranxos e consensos, inflúen no bo desenvolvemento dos problemas cara a un remedio eficaz, inventan a razón e procurana para converxer e convencernos. Pois, non sabemos deles. Estamos detidos no tempo, en cousas retrocedemos, en moitos dereitos sociais. Non sei como se pode permitir que a metade da xente nova estea no paro. É suicida e nega calquera futuro digno. Quizais debера alguén estar enfadado. Pero non, todo se volven desculpas e explicacións do inexplicable, todo son enfrontamentos e vi-

nagres, malas caras e expresións de total cabreo, insultos, paus nas rodas do carro que procuraría andar camiño, ausencia de solucións boas e intelixentes, posibles e efica-



ces. Por iso, e na nosa frustración, non sabemos de gobernantes, senón gobernadores que á forza fan cumprir as “súas” leis, non de todo equilibradas, nin harmónicas nin proporcionadas. Aquí estamos, nesta espera de solucións. Votamos e non nos repre-

sentan, vemos que se meten en divagacións que nada resolven, que se poñen verdes mais non enfian a agulla, non xeran solucións do día a día, da dignidade, do paro, da pobreza, da enfermidade, da vivenda, da dependencia, da saúde e educación, do cambio climático, de posibilidades reais da vida! Non sabemos o que é administrar ben os posibles, as potencialidades que existen. A mesma xustiza anda deixándose modular segundo aqueles aos que conveña, hai unha vara para uns -cuñados, ex-ministros, banqueiros, contables e lampafabas do montón- que non teñen que dar moitas explicacións para que se lles vexa cubertos de aura de presunción favorable. Mentres, os matados e matadas de sempre, teñen desde a prisión preventiva unha lousa pesadísima de presunta culpabilidade. Ninguén se fixa nos tesouros que nos habitan, no porvir que agarda, no pasado que deixa ese ronsel de aprendizaxes. Está todo revoltado, sen unha canle de orde e verdade. Non sabemos dunha persoa que pilote e navegue mares da nosa problemática existencia, como pobo, como persoas, como comunidade que agarda unha responsabilidade informada. Non hai quen consulte, coordine, consensúe os recursos públicos e saiba acadar obxectivos das necesidades sociais, que busque e atope o camiño mellor para conducirnos. Nada diso se fai, levamos moito tempo así neste descontrol. Estamos deixados en todo

tipo de gobernadores, reis, ausentes, eméritos, directores xerais para a presión das rodas traseiras, secretarios xerais para a presión das rodas dianteiras, ministras e ministros en imprecisos labores, vicepresidentas de calquera ramo, presidentes dos milleiros de congresos onde todos se insultan, xefes de gabinete -asesorados por vociferantes, vice-asesores de quen asesora a quen logo rexe, nun apartado de poder coa parcialidade desta ferida que nos sangra. Por haber, non hai nin conformidade para xuntos tomar algún acordo. Estamos enfadados co desenvolvemento das rutinas, das mesmas técnicas diante de problemas novos e diversos. Encontramos o ritmo pasivo, o silencio, o baleiro de acertos. E se miramos cara adiante, nada alentador nos agarda neste pesimismo. Un chega a pensar que é un problema unicamente de incompetencia, de deixarse levar, agora máis que nunca no medio do caos. Dependemos das vacinas que nos mande Europa, e somos moi obedientes. Cobrar cobran todos os meses, mais hai unha lección que debemos ter presente, pois non nos deben aplacar as iras, nin debemos recorrer ao pranto, pois do chorar só quedan mocos! Debemos amosar o descontento e esixir, aos que tal fan, gobernen como deben ou marchen, que lles falta tempo.



O rexurxir da Casa do Patrón: unha circunstancia extraordinaria require un esforzo extraordinario

Por Manuel Blanco

Presicamente iso é o que está a facer a Casa do Patrón, que xa ten abertas as portas do museo e do restaurante, despois do obrigado parón imposto pola pandemia, retomando con forza e ánimos renovados a súa actividade e preparando unha potente oferta etnográfica, arqueolóxica, cultural, natural e gastronómica que nos axude a esquecer axiña o infame pesadelo que vivimos ao longo dun interminable ano, tratando de acadar a maior normalidade posible, sempre respectando todas as esixencias sanitarias.

A tal fin, ademais da nosa intensa axenda habitual de atención de visitas guiadas, actividades, obradoiros e sendeirismo que nos permita en cada momento a normativa vixente, temos previsto acometer de inmediato a construción dun novo espazo expositivo dedicado en exclusiva a tratar o mundo das crenzas, a relixiosidade popular, a etnomedicina, os ritos cíclicos do ano e outras compondentes que teñen que ver coa inmaterialidade da cosmovisión tradicional galega.

Tentaremos achegar os visitantes á relixiosidade popular, á etnomedicina, á mitoloxía e crenzas máxico-relixiosas galegas transmitidas a través de ritos, obxectos, espazos, tempos e prácticas sociais e culturais.

O valor estético e antropolóxico do conxunto será excepcional. O marco temático da colección é o antropolóxico, o marco cronolóxico os séculos XIX, XX e XXI e o marco xeográfico cingúrase a Galicia, sendo o ámbito das visitas de carácter internacional. A data de inauguración prevista serán meses de setembro/outubro, dada a complexidade da construción do recinto e posterior montaxe das exposicións.

Castro de Doade

Por outra banda, o vindeiro 10 de maio, iniciaremos a 7ª campaña arqueolóxica do Castro de Doade, adiada o pasado ano 2020 a causa do coronavirus, na zona oeste da muralla, completando a busca do sistema defensivo e da posible porta orixinal de entrada á “aurela”, así como a consolidación das estruturas atopadas e a restauración dos restos arqueolóxicos mobles localizados.

A escavación será acometida por 4 arqueólogos profesionais e 3 estudantes de doutorado en arqueoloxía e ciencias da antigüidade da USC, durante un período de 3 semanas, seguida da fase de consolidación/restauración a cargo de 2 restauradoras profesionais, durante 11 días máis.

Rematada estación actuación, durante todo o mes de xuño tamén será executada por 5 arqueólogos profesionais a escavación de 4 sondaxes na impresionante Mámoa do Santo da Pedra, duns 30 metros de diámetro, sen dúbida a máis emblemática da parroquia de Doade: unha no centro da mámoa, para buscar a cámara funeraria, así como a presenza de ortostatos, outra para localizar o corredor de entrada, unha terceira na busca de posibles aneis de prolongación do túmulo e unha última na zona perimetral da mámoa para investigar a posible actividade humana ao seu redor.

Con estas tres actuacións de gran calado, a edición dun libro sobre o “Patrimonio Inmaterial de San Pedro de Doade”, a celebración da XXII edición da Malla Tradicional, a XIII Recreación do Proceso do Liño, e a III edición do evento “Unha aldea no Nadal”, unidas a actividade normal do Museo, do Restaurante e das Rutas de Sendeirismo PR-G210 “Castro de Doade” e a “Ruta da Prehistoria de Doade”, que engloba

o castro, as mámoas e os petróglifos da parroquia, xunto co orixinal paraxe do lendario “Santo da Pedra”, tamén reconstruído polo Museo, estamos en condicións de anunciar aos nosos visitantes unha excepcional oferta turísticocultural.

Rede de museos de Lalín

Como o “gran ecomuseo do mundo rural galego” que xa somos, con estas novas actuacións, gozaremos dunha oferta etnográfica do máximo nivel de calidade, amplitude e variedade que, por outra parte, de chegar a un acordo co Concello, veríamos positivo integrar na futura rede de museos de Lalín, que esperamos se constitúe o antes posible, porque soamente xuntos, seremos capaces de atraer ao noso Concello milleiros de persoas cada ano ás maravillosas e indomables Terras de Deza.

Chegou a hora do mundo rural, que tanto tempo levamos predicindo. Tamén é o momento idóneo para unir esforzos, a través dunha estreita colaboración público-privada, traballando todos nunha mesma dirección, feito que nos levará inexorablemente polo camiño do éxito. Tócanos ser capaces de cumprir as enormes expectativas que xeramos e satisfacer as necesidades de tanta xente que soñou con visitarnos durante a longa catividade que nos asolou, á que agora non podemos defraudar.

Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

A vacina de Putin

A vacina que busca acabar (ou quizais normalizar) a pandemia anuncia unha incesante xeopolítica determinada polo pulso entre Occidente e o eixo euroasiático ruso-chinés por monopolizar a vacinación en tempos de coronavirus, que non do cólera, como a afamada novela de Gabriel García Márquez.

Dende Moscova lanzábase un órdago importante: se contase coa aprobación da Axencia de Medicinas Europea, a vacina rusa Sputnik V estaría en disposición de vacinar a 50 millóns de persoas. Mensaxe rimbombante, na liña do tradicional aparato propagandístico do Kremlin. Pero que, visto desde outra perspectiva, non deixa de entrañar unha realidade igualmente relevante. A Sputnik ten os seus simpatizantes. Países de Europa Central como Hungría, membro díscolo da UE, aceptaron

a vacina rusa. Tamén recentemente Marrocos. En América Latina, dende Arxentina e Venezuela ata Nicaragua e México, prefíren a Sputnik.

Algo parece indicar que a vacina rusa ten capacidade e efectividade suficiente para combater o virus. Así, a Sputnik convértese nunha importante arma xeopolítica do Kremlin, non moi diferente nin afastado dos mesmos efectos de influencia xeopolítica que buscan as vacinas de farmacéuticas occidentais como Astra Zeneca (por certo, Dinamarca, Austria, Luxemburgo, Letonia, Estonia e Lituania suspenderon a vacinación con este fármaco) ou Pfizer. Os efectos da Sputnik parecen ser efectivos no combate do coronavirus, toda vez a propaganda occidental (que tamén existe, e máis cara a un país como Rusia) tente desacreditala.

Como Rusia, China tamén lanza a súa

vacina. O seu eixo de irradiación é obviamente o seu espazo de influencia asiático, e moi probablemente amplíase de cara ao contexto africano, onde Beijing ten unha presenza estratéxica e económica importante. Pero tamén Europa. Serbia, histórico aliado ruso, prefiriu a vacina chinesa. E os resultados comezan a ser efectivos.



Todo iso evidencia como este 2021 será decisivo non só en canto ao virtual control farmacéutico e médico da pandemia senón principalmente do xogo de influencias que

pulsan tanto o eixo occidental transatlántico, que non é exactamente homoxéneo, como o eixo euroasiático ruso-chinés, que tampouco actúa sempre de forma monolítica.

O transfondo é un pulso xeopolítico que definirá en gran medida o rumbo do poder no século XXI. Este pulso non é militar, nin político nin económico. Ninguén se imaxinaba anos atrás que este pulso sería sanitario, con todas as súas repercusións e implicacións nos apartados anteriormente sinalados.

Ao pulso xeopolítico únese a guerra de propagandas, evidenciando como a información segue sendo un instrumento estratéxico e decisivo para afianzar os intereses de poder, e máis en tempos de pandemias.



Por Nemésio Barxa

Cronica real de uma dinastia (III) Notícia para monárquicos ingênuos

Por dúas veces o povo espanhol expulsa á regente M^a Cristina Borbon Duas Sicilias e com total falta de critério e imaginação numa delas os políticos decidirem adiantar a maioría de idade de sua filha ISABEL II, de só 13 anos de idade, e entronizá-la como rainha. A nova monarca criou-se sem ambiente familiar nem carinho de mãe, sem educação adequada (só doméstica, religiosa e o estudo do piano) nem preparação política para ser rainha; simples, temperamental, sem urbanidade e de escasas qualidades intelectuais, em mãos de preceptores que a iniciarem nas suas habilidades sexuais e princípios amorosos, desflorada por um deles, Salustiano Olózoga, conseqüência da sua ardente sensualidade, herdada da sua mãe. Tratou-se um rápido matrimonio, no que se conjugavam interesses políticos, fazendo-o por imposição da mãe e de uma monja tenebrosa e de influencia nefasta de por vida, sor Patrocínio, com Francisco de Asis de Borbón, politicamente inócuo, homem mais não fanático, e em contra da vontade de Isabel que quando lhe comunicarem o nome do elegido exclamou “No, com Paquita no”, e na véspera da boda, com apenas 16 anos, dixo á sua mãe, “he cedido como reina pero no como mujer...”; os cônjuges detestaram-se sem recato toda a vida: Francisco de Asis homossexual e Isabel com

uma escandalosa afecção polos homens. Diz-se que o primeiro amante oficial foi o general Serrano e a seguir uma interminável sucessão de amantes de todo tipo, conhecidos uns e desconhecidos outros, identificados mais de 16 entre cantantes, compositores, políticos, militares, ministros, nobres e de menor pelo, o mesmo O’Donnell (de apaixonado enamoramento, finalizado pola sua política liberal), que chegaram a procriar ou não, pois a rainha, entre 1.849 e 1.866 teve dez partos e dois abortos; e dos fillos sabe-se que Isabel Francisca de Asís, La Chata ou Araneja, era filha do capitão José M^a Arana, e que Alfonso, depois Alfonso XII, (no vulgo, puigmoltó) era fillo do capitão de enxeñeiros Enrique Puig Moltó (Isabel um día falando com seu fillo sei que lhe dixo “hijo mio, la única sangre Borbon que corre por tus venas es la mia” sendo o marido também Borbon) e o resto de outras persoas identificadas ou desconhecidas.

Isabel vivia numa festa contínua, deitava-se ás cinco da manha e acordava as três da tarde. Francisco de Asís Borbon fazia sua vida com o amigo de sempre, procurava incluso residir fora do Palácio

Real e como bom Borbón cobrava por todo, incluso polo depreciável ato de reconhecimento e apresentação dos fillos de Isabel como próprios a cambio de um milhão de reais por cada um. Ambos andavam em coplas, o de Asís era intrigante e ma pessoa e a rainha descreve-a o historiador José Luis Comellas como “desenvuelta, castiza, plena de espontaneidade y majeza, em la que el humor y el rasgo amable se mezclan con la ordinariéz, apa-



sionada por la España cuya secular corona ceñía y tambien por sus amantes”; Valle Inclán em “La Corte de los Milagros, da outra imagem menos amável. Gustavo Adolfo e Valeriano Becquer, assinaram a obra “Los Borbones em pelotas” com 107 aquarelas de amplo contido satírico e pornográfico.

Pouco podemos dizer da sua obra de governo pois constantemente esteve em mãos de favoritos, políticos, validos e espadões e muito mal aconselhada pola sua mãe e pola monja já mencionada e seu confessor. A corrupção o empobrecimento

e o descontento levaram a varias insurreições e algarradas com períodos de certa calma política, até que o 18.set.1868 a Armada, em Cadiz, pronunciase ao berro de “Abajo los Borbones”, sendo destronada Isabel II que parte para o exílio, baixo o amparo de Napoleon III, instalando-se no parisino Palácio de Castilla, da sua propriedade.

Isabel cobrava tributo pola trata de escravos; foi coleccionista de joias, amante de vestidos e leques, gastou parte do orçamento da Coroa na compra de pulseiras, diademas e colares, foi cliente dos gemólogos europeus mais afamados, encarregou os desenhos mais aparatosos com pedras engastadas, sempre de grande tamanho. A única “joya de la corona española” sua que se conserva é uma tiara de diamantes e perlas, do resto nunca respondeu a familia real nem seu herdeiro. Seguiu a tradição familiar de esquilmar o patrimônio espanhol, a desmedida sexualidade, sentimento vingativo e a indiferença polo bem-estar de seus súbditos. Quando o fracasso da sublevação (uma de tantas) do quartel de artilharia de S. Gil, na repressão forem fuziladas 68 pessoas, incluído um general; insatisfeita a rainha polo que considerava “escasso” número de executados, insistiu para que fuzilassem a todos os detidos, arredor de mil, ao que humanitariamente se negou o chefe de governo.

Quinta do Limoeiro, março do 2.021



Por Ramón Coira Luaces

Xela Arias

Xela Arias Castaño (Sarria, 1962-Vigo, 2003) tivo un pai tamén escritor e tradutor, que traballou na Granxa de Barreiros (en Ortoá, Sarria), un proxecto pedagóxico creado por Antonio Fernández López, que tiña como obxectivo integrar a natureza e a cultura galega na aprendizaxe escolar. A filla de Amparo e Valentín chamouse María de Los Ángeles, pero desde os seis anos chamárona Xela. En 1984 pasou a chamarse oficialmente M^a dos Anxos e en 1995, Xela. Trasládouse coa súa familia a Vigo e estudou no instituto Castelao, do barrio do Calvario. En COU deixou os estudos e comezou traballar en Edicións Xerais de Galicia, en 1979 (ano da fundación desta editorial). Primeiro traballou como oficinista, logo na creación e



investigación e, entre 1990 e 1996 como correctora de estilo e editora. Participou en reticais poéticos contra a entrada do Estado na OTAN e, máis tarde, en en soli-

dariedade coa xente afectada polo afundimento do Prestige e coa plataforma contra a Burla Negra. Xunto con outras poetas como Yolanda Castaño, Olga Novo ou Enma Couceiro, boa parte da súa obra aparece nos anos 90. Xela aborda temas como o amor, a alienación do individuo pola sociedade, a morte e a pouca importancia da existencia humana. En 1991 retomou os estudos e fixo Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo, licenciándose na Universidade de Santiago de Compostela, iniciando a especialidade de galego-portugués. Casou en 1992 e tivo un fillo. En 1999-2000 comezou a exercer como profesora substituta de ensino secundario de lingua e literatura castelá, pasando por institutos de Santa Comba, Moaña, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo. Falleceu prematuramente en 2003, aos 41, anos a consecuencia dun ataque cardíaco.

Desde 1980 publicou en varios xornais

como Faro e ANT. Foi finalista do premio Losada Diéguez, ingresou na AELG e exerceu un longo traballo como tradutora ao galego de autores como Jorge Amado, James Joyce, Wenceslao Fdez. Flórez., Cervantes, Bram Stoker, Charles Baudelaire e outros. Xerais reedita unha antoloxía dela que vos recomendamos. Dela escollín este breve poema:

*Ambicioso o equilibrio dos extremos,
que tanto pesan,
a cada lado.*

*Pero sempre hai un gañador, aunque perda.
("Intempériome", 2003)*

E tamén esta cita que me impresionou: *"Escribo en galego porque estou aquí e, desde logo, Galicia pertence, aínda, aos derrotados."*



Sobre os cárceres

Moitos dos referentes da esquerda dentro (Bautista Álvarez, Francisco Rodríguez,...) e fóra estiveron presos, pero nin Mandela, Fidel Castro, Pepe Mújica, Chávez, Lula, Dilma,... acabaron coas prisións. Por algo será... Porén nós tamén temos os nosos agravios; pois ao funcionamento de prisións tamén se lle intenta quebrar psicolóxica, mental e, incluso, fisicamente. Das agresións que sofre só se fala -ás veces- na prensa do Réxime. Porén o propio Réxime tamén nos acosa ou marxina se somos críticos. Xente dalgunhas asociacións defende o acoso e a estigmatización cara nós e, aínda que prestamos un servizo público, case nunca recoñecen nada bo en nós. O ataque desmedido e a falta de recoñecemento social fan que a desmotivación e o desánimo estén servidos.

E a iso hai que engadir a falta de persoal suficiente para facermos axeitadamente o traballo.

A rebeldía legal ou sutil debería permitirse tanto na poboación reclusa como en nós e ás veces faise. Tede en conta que cando un recluso é levado a illamento ou clasificado en primeiro grao, case sempre hai quen lle tende un cable: xuíz/a de vixilancia, psicólogo/a, educador/a, membro da equipa directiva,... e volve ter outra oportunidade. O propio sistema -a pesar dos seus fallos- ás veces cambia de ubicación ao recluso para que poida comezar de novo noutro ambiente distinto. Mais a seguridade, tanto dentro no cárcere como fóra, na sociedade, son importantes e non se deben minusvalorar. O funcionamento de interior non só custodia e vixila, tamén atende, escoita e axuda. E isto, cando se

fai, aparte de ser gratificante, disuade en boa parte condutas violentas. En Pereiro de Aguiar, por exemplo, a poboación reclusa está asistida xuridicamente por unha comisión xurídica (do colexio de avogados) á hora de faceren @s intern@s recursos e denuncias, o que afortala as vías legais para faceren reclamacións e disuade condutas agresivas ante un conflito. Inicialmente, a maioría dos sindicatos recelaban e opuxéronse, porén despois foi aceptado. Eu mesmo tiven recelos cando se procedeu ao reparto de xeringas, pero tampouco deu problemas. E teño claro que certa flexibilidade fai que intern@s e funcionari@s se sintan mellor.

As únicas sociedades nas que non existen as prisións son as sociedades indíxenas orixinarias. Se estudando esas sociedades ou doutra maneira descubrides un método alternativo ao cárcere que funcione razoa-



belmente ben, eu estaría disposto a consideralo. Porén as medidas alternativas á prisión, con estar ben en certos casos, aplicalas para todos semella ser unha utopía irrealizábel. Polo demais, eu só coñecín tres prisións e levo cinco anos xubilado por un problema de saúde mental.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo - **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermandad Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J. Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).



**Xornal Cultural
para o Lecer**

Depósito legal: VG-14/2017

Entrevista

Por Moncho Mariño

Entrevista a Jacobo Sutil, director da AGADIC

“A idea da Filmoteca de Galicia é pór a disposición do público os fondos que temos recollidos”

O Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) pasará a ser a Filmoteca de Galicia coincidindo cos trinta anos da posta en marcha do centro o 15 de marzo de 1991. Os motivos para este cambio son, segundo o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), reforzar o seu traballo de arquivo, de recu-

peración e dixitalización de fondos filmicos. Así, búscase crear un centro onde ademais de conservar, tamén se poda acceder á investigación sobre audiovisual e recuperar documentos audiovisuais galegos que estean perdidos. Falamos con Jacobo Sutil sobre este e outros aspectos do sector audiovisual.



-Cal é o motivo que está detrás de transformar o CGAI en Filmoteca de Galicia?

Entre outros motivos está a idea de reforzar a idea de cales son os obxectivos deste centro. Co CGAI realmente non se transmite este concepto á xente en xeral, si que o fai dentro do sector audiovisual, as persoas que si o coñecen. A idea é transmitir que en Galicia temos unha filmoteca que cumpre unhas funcións moi importantes. Por iso pensamos en buscar unha denominación que o fixese máis recoñecible.

-Cales son os eixos sobre os

que se vai levar adiante esta transformación?

Imos realizar unha serie de obras como as da sala de proxección para melloralas. Por outra parte, dirixiremos unha parte importante dos nosos orzamentos en dixitalización, como por exemplo a dixitalización dos fondos do CGAI libres de dereitos. Eses son os camiños marcados, mellorar tanto a dixitalización como a conservación.

-Cales serán as tipoloxías audiovisuais que formarían parte do catálogo custodiado pola Filmoteca?

Por suposto, todos os proxectos con financiación da Xunta de Galicia que son moitos e teñen a obriga de depositar unha copia na Filmoteca. Ademais, son moitos os particulares que van depositando fondos seus como foi o caso de Navantia. Desde esta empresa recibimos os seus fondos desde os anos 50 ata os 70 do século XX. Nós dixitalizamos eses fondos, quedamos cunha copia e eles con outra logo do traballo de dixitalización. Tamén existen outros fondos como filmes antigos como proxectos audiovisuais, fondos particulares e outros elemen-

-Poderase acceder á Filmoteca como punto onde poidan apoiarse investigadores e xente interesada na historia da filmografía de Galicia?

Queremos pór a disposición da cidadanía os fondos mediante a dixitalización e a ferramenta Galiciana da Xunta de Galicia. Ese é o proceso polo cal avanzamos.

-Con esta transformación seguirá o actual equipo directivo do CGAI?

Agora mesmo a dirección está

bacante. Esta transformación permitirá que se adscriba a AGADIC e iso permitirá cubrir ese posto de dirección.

-Sobre a AGADIC, cales son os cambios que se van realizar dentro do marco legal da axencia?

Serán fundamentalmente tres. O primeiro, a creación dun departamento de xerencia. O segundo, a incorporación da Filmoteca en AGADIC e por último, a modificación da coordinación coreográfica por unha de coordinación de música e danza.

Este 20 de marzo celebrouse o Día dos Medios en Galego

Co programa #MoitoqueSachar

A Asociación de Medios en Galego (AMEGA) celebrou o 20 de marzo o Día dos Medios en Galego, coa retransmisión dende a Casa Museo de Rosalía dun programa en streaming, a modo “Late Night”, presentado por Federico Pérez Rey, unha das caras máis visibles do audiovisual galego

Este evento, que contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Deputación da Coruña, ademais do apoio da Casa Rosalía, tivo que ser aprazado debido ás restricións sanitarias o pasado 7 de febreiro, a data oficial, aprobada polo Parlamento de Galicia, que conmemora a saída do primeiro xornal en galego.

O programa foi retransmitido en directo



nas canles de Youtube, Facebook e Twitch de AMEGA. Ademais, con emisión o 21 de marzo ás 21:30h en NósTelevisión e o luns ás 18:00h en todas as emisoras municipais galegas da rede de Radiofusión.

En total, son 140 os medios que actualmente fan do galego a súa lingua de comunicación. Un total de 40 deles forman parte de AMEGA.

Federación Galiza Cultura organiza a conferencia-coloquio “Carvalho, Lingua e Terra”

A Federación Galiza Cultura, en colaboración coas Deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra, convocaron ás asociacións culturais e aos centros de ensino á xornada “Carvalho, Lingua e Terra”, a celebrarse o 25 de marzo, día do pasamento de Carvalho Calero.

Na xornada participarán M^a Victoria Carballo Calero, catedrática de arte da UVi-



go; M^a Pilar Garcia Negro, escritora e profesora da UDC, especialista en sociolingüística e literatura

galega; e Manuel Castelao Mexuto é catedrático de lingua e literatura galega e investigador.

O renacer da vella e moderna hostalería ourensá

A hostalería de Ourense desperta paseniñamente do seu obrigado letargo. Hostaleiros e clientes pasaron con inquietude, pero con esperanza, as semanas de restricións. Co desexo de que a pandemia desapareza e deixe vivir aos humanos con normalidade, as mulleres e homes dos bares e restauran-

tes de Ourense emprenden con ilusión unha nova etapa para seguir ofrecendo, aos clientes habituais e esporádicos, o mellor deles: o resultado dun traballo ben feito na cociña cos mellores produtos que ofrece o mercado. É o renacer da vella e afamada hostalería de Ourense que vai seguir gozando de boa saúde.



Auria. Tres amigos degustando Adegavella.



La Consentida. Aspecto do comedor.

O Capricho. - María Jesús e Manuel ofrecen tequeños, luriñas á prancha, lasaña de verdura e de carne. Tamén croquetas de cabrales, de boletus e de luriñas; capricho ibérico e presa ibérica. Preparan solombo ibérico con foie, bacallau ao forno; patacas alioli e bravas, luriñas fritas, crujientes de pito; ensaladas variadas, empanadillas, hamburguesas, pizzas, ovos rotos e sobremesas.

O Trasno. - Anxo e o seu equipo ofrecen: petiscos e racións de orella, polbo e tortilla. Zamburiñas e champiñóns; croquetas caseiras e alitas de pito. Solombo con queixo de Arzúa, lacón con grelos; patacas bravas, alioli e mixtos. Hamburguesas simples e compostas. Sobremesas variadas. Delicias de quixo, tosta de arandanos, carne richada e bocatas de chipi-tróns, paleo guapo e lomo con queixo de Arzúa. "Si che gusta o picante atrevete coa nosa salsa brava", di Ángel.



Guía Gastronómica

O renacer da vella e moderna hostalería ourensá

Bar Fuentefría.- Pepe Callos despacha os seus famosos clásicos: callos, empanada de zamburiñas e de congrio con vieiras e xamón asado. En afumados: salmón, atún vermello, bacallau, anchoas, cabala, anguía e táboa de afumados. En queixos: Arzúa, azul picón, ovella e rulo de cabra. Ensaladas de: tomate e de tomate con ventresca, con cabala e con ceboliña tenra. Boqueróns.

Taberna Enxebre.- Jorge Campos prepara a diario tablas de: ibéricos, queixo, xamón, salmón e cecina. Tamén ovos rotos con vieiras e gambas, carpaccio, ensaladas, tostas, xouba, polbo, mexilóns, zamburiñas, croquetas e tortilla de patacas. En fin de semana, empanada galega e os domingos cocido completo.

Demamaluis.- Cada día hai roxóns, croquetas, morunitos, tortilla, champiñóns, vieiras e tostas variadas; torreznos, mini burger e sobremesas. A empanada de congrio téñen moita aceptación, así como as Vieras de Encarnita (tía de Yolanda) e as croquetas de Carmen (nai de Yolanda).

María Tapas.- María ofrece comida mediterránea, vegana e vexetariana. Ensaladas, racións de pementos e patacas bravas e alioli; petiscos variados; tostas, espetadas; marisco, peixe e carne. Sobremesas caseiras. Postres: Brownie con xeados de vainilla, Torta tatin.



Bar Fuentefría. Pepe Callos en actividade.



Demamaluis. Luis Sas no posto de mando.



María Tapas. Lucio Monción e María Dotel.



O renacer da vella e moderna hostalería ourensá



Casa Parrocha. Naiké con David Bouza.



Trocadero. Persoal da Parrillada.

Casa Parrocha.- Local de recente apertura con especialidade en tortilla de Parrocha afumada en salsa de ostra e base de piquillo. A estrela é bombiñas de cocido. Casa Parrocha, no corazón dos viños, está rexentada polos socios Naiké e David Bouza “fillo da noite” como él asegura xa que foi empresario “de alta nocturnidade”.

Trocadero.- María Dolores Teixeira e Marcial Rodríguez acaban de abrir o restaurante familiar Trocadero que ofrece menús diarios a 10 euros (dous pratos, bebida e sobremesa). Por cada 15 menús ofrecen un gratis. Peixe de Gadis e tenreira galega, son os seus fortes. O café é natural ao cen por cento e as sobremesas caseiras: tortas, arroz con leite, leite frito, cremas e flanes. Marcial e Didier son os responsables da cociña.

La Gula.- Acaba de abrir en marzo na rúa Celso Emilio Ferreiro. Ofrece churrasco caldelá. Menús diarios a eleixir. Rabas de calamar, zamburiñas, lacón con salsa de patacas, arroz caldoso de polbo.

La Consentida.- Restaurante cervecera. Aberto desde 2002. Dous tenedores. Cociña creativa. Especialidade en pizza. Carta. Almorzos completos. Ceas para grupos.

O Xamonazo.- Javier Martínez, en Carfaxiño (Celanova), vende todos os días da semana a particulares e a hostaleiros: xamóns de Salamanca, Extremadura, Jabugo e D.O. Porco Celta. Tamén embutidos de alta calidade e queixos manchegos, casteláns, galegos e de importación. O bacallau ven de Irlanda e de Noruega. Tamén despacha cachucha, soá, aceites e conservas. Na praza de Abastos do centro de Ourense tamén téñen un posto de venda dos seus produtos.



La Gula. Andrea, na entrada.



Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

O renacer da vella e moderna hostalería ourensá



O Capricho. Manuel y María Jesús.



O Trasno. José, Rodrigo e Ángel.



O Xamonazo. Javier Martínez, na Praza de Abastos de Ourense.



Enxebre. Jorge Campos, xerente.



A exposición “Galicia, de Nós a nós” inaugúrouse en Ourense

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou a importancia de Ourense no legado cultural e intelectual da Xeración Nós, un dos colectivos “máis transcendentais” da nosa historia contemporánea. “Ollar a Revista Nós é viaxar no tempo a unha cidade bulideira. Unha urbe onde se escoitan os faladoiros de café e se impoñen os edificios modernistas de Vázquez-Gulías. E por iso, a apertura desta exposición non é tanto un regreso a casa, como un reencontro, porque Ourense sempre estivo en Nós”, dixo, durante a inauguración na cidade das Burgas da exposición Galicia, de Nós a nós.

Tras recibir 15.000 visitantes na Cidade da Cultura, Feijóo salientou que ata o 18 de abril, os ourensáns poderán admirar nesta mostra que se reparte entre o Centro Cultural Marcos Varcárcel e a sala de exposicións Afundación: os 134 números da Revista Nós e as máis de 300 pezas procedentes de máis de 60 institucións culturais e coleccionistas privados.



A exposición estará aberta ata o 18 de abril.

Entre o contido da mostra, o titular da Xunta referiuse á Carta Xeométrica de Galicia, trazada por Domingo Fontán; así como ás numerosas pezas que falan do papel que desempeñou Ourense para a Xeración Nós, entre as que destacan, un cartel orixinal do pintor Cándido Fernández Mazas ou as noticias da cidade que figuran na Revista.

Ao longo da súa intervención, Feijóo aseverou que aos integrantes da Xeración Nós débémolles a semente dunha terra que non ve

fronteiras, senón encontros; “que non ve muros, senón Camiños con maiúsculas, como os que agora abrimos ao mundo a través dos Camiños de Santiago”, abundou.

O responsable do Goberno galego concluíu resaltando e agradecendo o traballo dos comisarios: Ana Acuña e Afonso Vázquez Monxardín, así como a colaboración institucional da Deputación de Ourense, para dar continuidade a un ciclo de exposicións, no marco do Xacobeo 2021, iniciado con Galicia, un relato no mundo.

A Residencia de Celanova segue sen servizo de enfermaría 24 horas

Na Residencia San Carlos de Celanova, un ano despois de que estoupamos para a crise da COVID que entre marzo e abril provocou 11 mortes entre as usuarias (9 delas oficialmente a causa do virus) o servizo de enfermaría segue sen cubrir as 24 horas de cada xornada, a dotación de atención especializada segue estando por baixo do que marca a lei e a ratio de persoal de atención directa tamén é insuficiente.

Familiares de residentes agrupadas en ADUR e na Federación Vellez e Dignidade veñen advertindo desde hai un ano que é preciso reforzar o persoal de enfermaría. Non se fixo. E a Residencia, que pasou 30 días sen enfermeira ningunha durante as peores semanas da crise, só garante hoxe a atención de ATS durante 64 horas á semana; é dicir, deixa sen cubrir o 61,9% da semana.

O centro que alberga 60 residentes, segundo a información da que dispoñen as familias,



A falta de persoal ten consecuencias para os residentes e traballadores.

máis da metade dependentes, aínda que polo que se atopou a última inspección non todos están declarados como tais. Con estas cifras, a ratio de ATS na Residencia San Carlos é de 0,06, cunha enfermeira titular durante 40 horas á semana e outra ao sesenta por cento da xornada que cubre 24 horas. O resto, non hai servizo e a atención estase a cubrir por persoal non especializado. Desde que a enfermeira suplente dimitise hai un ano en pleno brote, xa pasaron outros tres profesionais por ese posto.

O PSdG pide que o Concello rescate parques infantís

O PSdG-PSOE de Ourense demanda un plan de choque “urxente” para reformar, acondicionar e rescatar da “decadencia e o abandono total” a rede de parques públicos infantís da cidade. Os socialistas denuncian que o Concello non realiza labores de mantemento nin renovación do equipamento das zonas infantís de xogo dos barrios da cidade malia contar cunha auditoría e un informe da Concellaría de Medioambiente nos que se advirte do pésimo estado destes espazos públicos, así como da necesidade de facer reformas “urxentes e inaprazables”.

“Parécenos moi grave que o alcalde prefira priorizar o gasto

en asesores ou escaleiras mecánicas en tempos nos que o xogo ao aire libre para os máis cativos é tan importante”, censuran os socialistas. Neste sentido, denuncian que un gran número das zonas de xogo e espazos de lecer da cidade teñen aparellos pendentes de reforma ou clausurados e esixen un plan de choque inmediato para pór fin a esta situación antes de que chegue o verán e estes espazos se enchen de nenas e nenos.

Dende o grupo municipal socialista consideran que o Concello “non pode seguir adiando a reforma global ou parcial das zonas de xogo”, e critican que Jácome ande a alardear de novos espazos

de ocio cando nin sequera coida dos existentes. “De pouco vale anunciar novos parques a bombo e platillo, como fixo o alcalde en Vilar de Astrés ou Mariñamansa, se logo non inviste no seu necesario mantemento”, subliñan os socialistas.

Lembran que o alcalde se comprometeu cos veciños do barrio da Ponte a abordar a mellora dos seus parques ante o “alarmante” deterioro que presentan. Neste sentido, defenden que “só é necesaria vontade política” para a reforma integral necesaria no Parque do Peco ou no de Xesús Pousa; para acondicionar as instalacións de San Rosendo ou a Alameda da Ponte; así como para



Parque infantil no barrio da Ponte.

adaptar á normativa os parques das rúas San Froilán ou Ribeiriño, todas elas instalacións en estado “precario ou de abandono”, ás que cómpre sumar o parque de Santa Teresita, no barrio do Vindeán; ou o das Aventuras, no Couto.

“Á grave situación dos parques

infantís hai que sumarlle a precariedade do contrato de conservación e mantemento das zonas verdes, paralizado e pendente de nova adxudicación”, engaden desde o grupo municipal socialista, “así como a ausencia dun estudo para a protección do patrimonio arbóreo da cidade”, conclúen.

A soprano Sara López ofreceu un recital lírico en Sober

O Concello de Sober e as Xuventudes Musicais organizaron un recital lírico da soprano Sara López, acompañada ao piano por Pablo García Berlanga. A actuación celebrouse no Centro Sociocultural e o aforo estivo limitado a 30 persoas seguindo as normas sanitarias en vigor.

Sara López Porta, acompañada por Pablo García Berlanga, presentou un recital con música moi diversa que propón un percorrido orixinal polas obras de autores europeos dos últimos séculos. A parte máis romántica do programa veu dada por Brahms e os seus inesquecibles lieder, mentres que o folclore español fixo a súa aparición grazas a 'Las tonadillas' d'Enric Selectos. As arias máis belas de obras como 'La sonámbula', de Bellini, ou 'Lles contes d'Hoffmann', de Offenbach, tamén tiveron o seu sitio neste recital lírico.

Sara López Porta empezou os



Pablo García Berlanga acompañouna ao piano.

seus estudos musicais aos 8 anos no Conservatorio Profesional de Música de Valencia, onde cursa frauta de pico. Máis tarde, aos 13 anos, matricúlase na especialidade de canto. Alí finaliza os seus estudos profesionais. Foi alumna de diferentes profesores como Daniel Gascó, Patricia Llorens, Emilia Onrubia e Ofelia Sala. Recibiu cursos e varias masterclass de Robert Expert, Fiorenza Cedolins, Giulio Zappa, Isabel Rey e Lucy Arner entre outros. En 2018

gana o premio da Fundación Victoria dos Angeles no '2o Concurso de canto Josep Palet de Martorell'. Foi finalista de varios concursos como o 1º Concurso Nacional de Canto "Ciudad de Albacete" e 'I Concurso Internacional Lírico de Alacante'. En decembro de 2019 gana o Primeiro Premio na 95ª convocatoria do concurso "Mocidades Musicais de España". Actualmente estuda canto no Conservatorio Superior de Música de Valencia - Joaquín Rodrigo.

Alumnos do IES Ribeiro podaron vides nos Chancís



Os estudantes volverán na vendima.

O Concello de Sober convidou un ano máis ao alumnado do IES O Ribeiro de Ribadavia a facer traballos prácticos na viña dos Chancís, de propiedade municipal. O alumnado do centro visita esta parcela dúas veces ao ano, unha para a poda e outra para a vendima. Do mantemento da finca encargase o Concello de Sober. Quince alumnos e tres docentes estiveron facendo traballos de poda ao longo de toda a mañá. Trátase do alumnado que está estudando os Ciclos de Formación Profesional de grao Medio de Aceites e Viños, e o de

Grao Superior de Vitivinicultura. Está previsto que no mes de setembro volvan de novo aos Chancís para recoller a uva.

Segundo relataron os propios alumnos a experiencia, a primeira para eles por ser dos primeiros cursos relacionados con viticultura, foi moi satisfactoria xa que puideron contemplar diferentes sistemas de produción, e as particularidades de propia zona como é a Ribeira Sacra, tan diferente ao lugar no que eles reciben formación, así como unha paisaxe moi bonita na que están enclavadas as fincas.

O compositor vigués Juan Durán estrea en Sober "Cinco miniaturas machadianas"

O compositor vigués Juan Durán asistiu en Sober á estrea mundial baixo a súa presenza da súa obra 'Cinco miniaturas machadianas', unha fermosa composición para soprano e piano. A obra estreouse nunha xira de dous concertos en León e Sober, pero é a primeira vez que soou en presenza do seu creador. A estrea correu a cargo da soprano Sara López Porta acompañada do pianista Pablo García Berlanga, no marco dun recital lírico organizado polo Concello e as Xuventudes Musicais de Sober. López e García interpretaron a obra 'Cinco Miniaturas Machadianas', formada polas pezas: 'Los olivos grises', 'En la parda encina', 'Noche castellana', 'Canta, canta en claro ritmo' e 'El río despierta'.

O compositor está considerado pola crítica e polo público como o compositor galego máis importante da súa xeración e de máis proxección internacional, cun catálogo no cal a ópera e a música sinfónica e sinfónico-coral conviven cunha importante produción de música de cámara e Lied, ademais dun gran número de arranxos e orquestracións de música popular galega. Escribiu obras encargadas polas dúas grandes orquestras galegas, a Real Filharmonía de Galicia e Orquestra Sinfónica de Galicia, así como tamén polo Consello da Cultura Galega, do IGAEM, o Concello de Vigo e a Fundación BBVA, que estreou recentemente as súas obras 'Paseando medo Madrid' e 'Cervantina' coa Orquestra da Comunidade de Madrid.

Autor de 'O arame', a primeira

ópera galega en máis de cento anos, Premio da Crítica no 2009 e que se chegou a estrear en Oxford o 2017, é tamén autor da restauración da ópera Inés e Bianca de Marcial del Adalid e dun importante catálogo de obras orquestrais, entre as cales destacan as máis recentes 'Cantiga Finisterrae' para múltiples voces de luz, 'Albada de noite e luz' e 'Pórtico da Isla de Monteagudo'.

Internacional

A súa obra soa con frecuencia por todo o mundo, desde Europa e Estados Unidos, ata varios países do Sur de América (Arxentina, Brasil, Chile, México) pasando por Hong Kong e Tailandia, e baixo a dirección de grandes batutas do noso tempo, como as de Osmo Vanska, Pietro Rizzi, Edmon Colomer, Juanjo Mena, Víctor Pablo



Juan Durán, Sara López Porta e Pablo García Berlanga.

Pérez i Antoni Ros-Marbà, entre outros.

Destaca a presenza da súa música en auditorios e festivais tan importantes como Auditorio Nacional de Madrid, Fundación Gulbenkian de Lisboa, Instituto Cervantes de Nova York, Teatro Amadeo Roldán de Cuba, Festival de Ópera de Benicassim, Temporada Lírica de Palma de Mallorca, Aula Magna da Universidade de Chile e Teatro do Lago a Frutillar, tamén en Chile.

Juan Durán obtivo o Premio

da Crítica 2009, premios da Cultura Galega 2013, e Premio Raíña Sofía 2018, así como os premios de composición da Universidade Carlos III de Madrid e do Festival Internacional de Música Española de León, entre outros. Foi profesor do Conservatorio Superior de Música da Coruña entre 1987 e 1997, é membro fundador da Asociación Galega de Compositoras -creada o 1987 e da cal foi presidente- e membro da sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega.

A Xunta investirá máis de 400.000€ no Colexio do Cardeal de Monforte tras a súa declaración como Ben de Interese Cultural

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, visitou o Colexio do Cardeal de Monforte para presentar o proxecto de conservación e rehabilitación que a Xunta de Galicia vén de adxudicar e que se levará a cabo na igrexa, claustro e áreas de visita pública grazas a un investimento de 420.000€. Trátase dos primeiros traballos que se realizan tras a súa declaración como Ben de Interese Cultural (BIC), un recoñecemento que foi xa publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG).

O titular de Cultura e Educación subliñou que esta importante achega, sumada á declaración BIC “garante o futuro dun inmovible clave para a paisaxe cultural da Ribeira Sacra e para comprender a historia deste municipio e o desenvolvemento do Renacemento en Galicia”. Neste senso, o conselleiro puxo en valor “o importante compromiso da Xunta de Galicia coa protección e posta en valor do patrimonio cultural de toda a Comunidade, e especialmente da Ribeira Sacra, onde estamos investindo 4,5 M€ en actuacións como a que poremos en marcha en Monforte de Lemos”.

Non será o único investimento este ano, pois, como explicou o conselleiro, prevese unha segunda intervención de 75.000 euros para restaurar diferentes bens artísticos do inmovible.

Así pois, estas actuacións de recuperación patrimonial “van engalanar a capital da Ribeira Sacra de cara a recta final para a posible declaración deste enclave como Patrimonio Mundial pola Unesco”, abondou o conselleiro.

Seis meses de traballo

O proxecto de restauración –financiado ao abeiro do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020– permitirá solucionar as afeccións que sofre o inmovible, entre elas as gretas provocadas na igrexa polo célebre terremoto de Lisboa de 1755 que, aínda que non comprometen á estabilidade das bóvedas, é preciso corrixir. As actuacións estenderanse por un prazo máximo de seis meses e resolverán os principais problemas de conservación deste monumento.

Entre as actuacións previstas atópase o selado da greta do muro do presbiterio e a substitución da cuberta de tella da zona do presbiterio. Ademais, corrixiranse as afeccións detectadas,



Visita do conselleiro.

acometendo a consolidación da bóveda do presbiterio, cunha actuación consistente na recolocación de varias doelas descolgadas próximas ao retablo maior, a reparación de gretas e a posta en carga da bóveda.

Finalmente, restaurarase e porase en valor o pasadizo existente tras o presbiterio cunha actuación específica en todos os seus elementos construtivos, apertura de ocos e execución dunha escaleira exterior de evacuación de incendios; aplicarase un tratamento de desinsectación do pavimento e dos elementos mobles da igrexa,

e efectuaranse pequenas actuacións nas carpinterías do tambor da cúpula para evitar a entrada de auga máis importante.

Isto permitirá evitar as filtracións que se están a producir na cuberta do presbiterio e que están a degradar a estrutura da bóveda; arranxar e recuperar o pasadizo que comunica as dúas alas na planta baixa, que se reformou por última vez no ano 1835; reverter a entrada de auga a través das carpinterías do tambor na cúpula, e deter os ataques xilófagos no interior da igrexa que está afectando tanto ao pavimento como a

diferentes elementos mobles.

Singularidade

O Colexio de Nosa Señora da Antiga, tamén coñecido, entre outras denominacións, como Colexio do Cardeal ou Colexio da Compañía, é un dos expoñentes máis significativos da arquitectura do clasicismo herreriano en Galicia. O inmovible amosa dunha forma tan clara e convincente as regras compositivas, formais e decorativas deste estilo que supuxo, en diversas ocasións, a súas adscrición errónea ao propio Juan de Herrera.

Entre os espazos sobranceiros, ademais da excepcional fachada que preside o Campo da Compañía, debe citarse a igrexa e os seus retablos, así como a cúpula que cubre o cruceiro, a escaleira monumental e os seus claustros. Na mesma liña, cómpre destacar tamén a importancia e valor cultural do seu museo e o rico patrimonio moble senlleiro que alberga, no que se poden atopar obras de artistas como El Greco, Andrea del Sarto ou Francisco Pacheco, ou documentos e patrimonio bibliográfico dos séculos XV e XVI relacionados cos mecenas do colexio, a Casa de Lemos e, posteriormente, a de Alba.

O Pazo de Diomondi no Saviñao terá albergue de peregrinos

O Camiño de Inverno contará co seu primeiro albergue público unha vez rematadas as obras de rehabilitación da antiga residencia bispal de Diomondi (Saviñao), nas que a Xunta inviste un millón de euros para a construción dun inmovible que contará con 34 prazas para a acollida dos peregrinos, dúas delas adaptadas.

O vicepresidente primeiro da Xunta, Alfonso Rueda, que visitou as obras acompañado do directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, e do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, constatou no singular enclave de Diomondi, na Ribeira Sacra, que os traballos

que comezaron en decembro do 2020 non só permitirán dotar aos peregrinos dun servizo de acollida, senón tamén recuperar un edificio medieval declarado Ben de Interese Cultural pero que se atopaba en estado de abandono desde que deixou de ser residencia do Bispado de Lugo.

Un convenio coa Igrexa permitiu poñer en marcha unha intervención que suporá a rehabilitación integral do edificio, respectando a estética exterior de muros de pedra e fiestras e substituíndo elementos en mal estado, como a estrutura de madeira e a cuberta de tella.

O inmovible sumárase á Rede Ga-

lega de Albergues, que desde o ano 2015 supuxo un investimento da Xunta de 15,7 millóns de euros en infraestruturas no Camiño; 10,5 millóns na creación de 14 novos albergues e 5,1 millóns noutras obras de mellora, incidindo especialmente na accesibilidade e na súa eficiencia enerxética. Completadas estas actuacións, Galicia enfila o dobre Ano Santo con 78 albergues públicos.

Con esta infraestrutura, a Xunta aposta tamén por impulsar o Camiño de Inverno, unha ruta empregada historicamente nos meses máis fríos como alternativa ao Camiño Francés e que percorre as terras da Ribeira Sacra, entre ou-



A actuación permitirá recuperar un edificio medieval declarado Ben de Interese Cultural.

tros paraxes galegos. O Camiño de Inverno foi recoñecido oficialmente no ano 2016 e, desde

aquela, é unha das rutas que máis están a medrar en número de peregrinos.

Os barcos de Hemisferios navegan de novo polo río Sil

Viaxes Hemisferios comezou este ano a súa actividade o pasado 18 de marzo facendo viaxes, de hora e media de duración, ás 12 do mediodía e ás catro da tarde desde os embarcadores de Santo Estevo, (Nogueira de Ramuín) e Abeleda (Castro Caldelas).

A empresa está en activo desde 2016 e dela son responsables un grupo de empresarios, veciños da Ribeira Sacra, con Antonio Fernández Andrade á fronte. Explica Andrade que “desde o inicio da nosa andaina centrámonos en dinamizar a zona e poñer en valor o noso Concello, o Canón do Sil, a Ribeira Sacra e Ourense en xeral, converténdonos, xunto co Parador de Santo Estevo nun das iconas turísticas do Concello de Nogueira de Ramuín. Agora, a pesar da pandemia que restrinxe a nosa actividade, non queremos perder o esforzo realizado en anos anteriores e poñémonos de novo en marcha para colaborar tamén na promoción reactivación doutros negocios locais”.

Para o xerente da empresa neste momento “a rendibilidade dos percorridos é negativo ou en todo caso nula, provocada polos peches perimetrais ocasionados pola pandemia da COVID-19, aínda así non cremos que temos que dar este servizo ao turismo rexional”.

Na comarca, o Parador de Santo Estevo e a empresa Hemisferios, son o tirón turístico que inflúe positivamente no mantemento doutros negocios e actividades por iso é polo que a empresa turística teña en carteira outras iniciativas para poñer en marcha este ano.

Roteiros a Santo Estevo

Para chegar ao embarcador de Santo Estevo podemos saír de Ourense pola N-120 dirección Monforte de Lemos. Deixamos ésta en a saída de Os Peares, entramos no pobo sen cruzar ningunha ponte. Atopámonos a desembocadura de río Sil no Miño e unha ponte que cruza o río Sil pero non o cruzamos e seguimos á dereita por estrada de Iberdrola pasando a central de san Pedro. É importante

deixar o río á súa esquerda sempre. A 13 quilómetros atopamos un cruzamento á esquerda que nos baixa ao embarcador.

Outra opción é desde Ourense pola OU-536 (estrada a Castro Caldelas). Pasamos o encoro de Cachamuíña e na próxima rotonda saímos na segunda saída pola esquerda, dirección Luíntra pola OU-508. Xa na rotonda de Luíntra saímos na segunda saída, dirección Parador de Santo Estevo. Ao pasar o cruzamento do Parador chegamos ao pobo de Loureiro; en metade da recta tomamos un cruzamento á esquerda que nos achega ao embarcador de Santo Estevo. Esta é o mellor roteiro para os autocares.

Percorrido

O percorrido polo Río Sil comeza no embarcador de Santo Estevo e percorre a parte máis abrupta do Canón. Nese punto xa se poden observar algúns dos viñedos con máis pendente da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Unha viaxe de aproximadamente hora e media no que os pasaxeiros se poderán deleitar coa grandiosidade do Canón e as súas peculiaridades, todo iso acompañados dun guía que lles explicará toda a información relevante. Unha das sorpresas que garda este roteiro é a vista do Mosteiro de Santa Cristina (Parada de Sil) escondido no bosque. Tras pasar ese punto, o barco retornará ao seu lugar de partida, o embarcador de Santo Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín).

Esta empresa tamén ofrece a posibilidade de realizar o percorrido nun só sentido, terminando neste caso en Abeleda (A Teixeira) e permitindo ao viaxeiro apreciar as vistas dos viñedos de Amandi (subzona da D.O. Ribeira Sacra).



Antonio Fernández Andrade, xerente de Hemisferios.



Barco Acqua 2.

Embarque: Embarcador de Santo Estevo, Nogueira de Ramuín (Ourense) e Embarcador de Abeleda, A Teixeira (Ourense). Itinerarios: Santo Estevo - Santo Estevo; Santo Estevo - Abeleda; Abeleda - Santo Estevo.

A poucos quilómetros do embarcador é posible visitar os mosteiros de Santo Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín) e San Pedro de Rocas (Esgos).

Se continuamos en dirección Parada de Sil, poderemos visitar unha das xoias do románico de Ribeira Sacra, o mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil. Son numerosos os miradoiros que hai no traxecto.



Pantalán de Santo Estevo.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Ourense será sede galega da Casa da Lusofonía

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, e o secretario xeral da Associação Impulsora da Casa da Lusofonía, Xosé Carlos Morell, asinaron en Ourense un convenio de colaboración que permitirá instalar nesta cidade a sede galega da Casa da Lusofonía, dentro da rede de instalacións destas características que posúe o Ministerio de Asuntos Exteriores e a Unión Europea.

Baltar cualificou "o día de hoxe como grande para Ourense" polo valor histórico e cultural que supón este acordo, "tendo en conta a fonda vinculación de Ourense co mundo da lusofonía e, por suposto, a lingua galega, o maior tesouro de Galicia, como sinala o noso Estatuto de Autonomía". O presidente do goberno provincial destaca que esa relación, "a nivel lingüístico, cultural,

identitario, social e económico que teñen organizacións tan potentes como as de países con lingua portuguesa, fai que este proxecto transcenda fronteiras e sexa aglutinador de culturas e sociedades". Neste sentido, destaca o papel que desenvolve a Associação Impulsora da Casa da Lusofonía e afirma que hoxe "comeza esta andaina á se sumarán moitas persoas e entidades co obxectivo de pór en marcha unhas instalacións na nosa provincia para seguir afondando nese carácter universal e unificador da lusofonía, onde Ourense vai a ter un papel relevante".

Comisión de seguimento

O acordo establece a creación dunha comisión seguimento que terá carácter paritario e estará integrada por representantes da Deputación e da Associação, comisión a través da cal se canali-

zarán as xestións para instar á administración xeral do Estado e á Unión Europea a facilitar a creación da Casa da Lusofonía con sede na capital ourensá, que terá personalidade xurídica propia. Para levar a cabo este proxecto, os representantes da Deputación de Ourense e da Associação procurarán o apoio de colectivos sociais, empresariais e particulares.

Pola súa banda, Xosé Carlos Morell agradeceu a Baltar "este primeiro paso importantísimo cara a un camiño que emprendemos hoxe e que consistirá en solicitar a todos os grupos parlamentarios con representación na Comisión de Exteriores do Congreso que realicen unha proposta para a creación do Consorcio da Casa da Lusofonía dentro das redes de casas do Estado español". Morell defendeu "o valor económico do portugués e da lusofonía, espe-



A sinatura realizouse no Pazo Provincial de Ourense.

cialmente nos negocios, ofrecendo os servizos de formación e internacionalización para empresas e, especialmente, no maior mercado mundial que é China, e dentro da lusofonía, o territorio de Macao, que ten moitas semellanzas con Galicia", e avanzou que trasladará esta perspectiva ao Estado español "para que teña en conta o valor da lingua portuguesa, tan vencellada ao noso idioma, o galego, tanto na súa orixe como na súa evolución".

A Casa da Lusofonía pretende artellarse tendo en conta precedentes como a Casa de América en Madrid -1992-, a Casa Asia en

Barcelona -2001-, a Casa África en As Palmas -2006- ou a Casa Árabe en Córdoba -2006-. Manuel Baltar recoñece o traballo feito pola Associação e quere que a Deputación de Ourense fortaleza esta iniciativa, que deberá contar con adhesións e procedementos tanto nacionais como internacionais para a súa materialización. A proposta de creación da Casa da Lusofonía en Ourense fala de cooperación, de identidade e de estratexia xeopolítica, un escenario onde cobra especial relevancia a CPLP (Comunidade dos Países de Língua Portuguesa), creada en 1996.

Foxo quiere un monumento para Ludivina, cantareira de seitura

Xosé Lois Foxo Rivas, director da Escola de Gaítas de Ourense, quere levantar un monumento de granito en Manzaneda como homenaxe a Ludivina Pérez Rico (1930-2017) cantareira da seitura. Ludivina nacera en Paradela (Manzaneda) de onde era a súa nai. O pai era de Chaguazoso (Vilariño de Conso).

O Concello da Cultura Galega editou o libro "Cancioneiro da Seitura de Manzaneda e Terra de Trives" do que é autor Xosé Lois Foxo. O autor neste traballo pretende "ofrecer as formas lingüísticas propias da comarca de Manzaneda, xa que estas tamén conforman o patrimonio diferencial destas terras. Neste senso cómpre notar que neste concello emprégase o vocábulo Fulión fronte a denominación común do Folión. Por outra parte, prá a transcripción musical das melodías



Foxo co Cancioneiro que publicou.

uso a escala de Re, notación empregada por Ricardo Courtier nas súas composicións prós Trinta de Trives". A portada do libro leva unha foto da cuadrilla de seitureiras na Faceira e no interior unha de Ludivina a toda páxina. O limiar é de Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega.

A publicación recolle un amplo estudo antropolóxico; romances; cantos de seitura, de Reis e Aninovo, de berce e de cregos; instrumentais e literatura de cordel. O índice ofrece melodías e audios. O autor recolleu tamén os cantos orixinarios dos municipios de Chandrea de Queixa e Vilariño de Conso.

O BNG pedirá no Parlamento galego paralizar o proxecto da senda peonil de Reza

O Grupo Parlamentar do BNG presentará unha Proposición non de Lei para que o Parlamento galego acorde instar á Xunta de Galicia a paralizar este proxecto, que conta cunha forte contestación social, así como abrir un proceso participativo que permita ter en conta as demandas da veciñanza de Reza.

A Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galiza ven de publicar no DOG o decreto polo que se declara "a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Fomento da mobilidade sustentable, nova senda na OU-402, treito Reza, puntos quilométricos 1+090-3+780, de clave OU/19/135.06.1, no concello de Ourense".

Para Luis Seara, "Esta publi-

cación fíxose de modo repentino, sen información previa ás representantes veciñais, que ao longo destes anos teñen amosado a súa radical oposición a este proxecto". Segundo denuncian desde a formación nacionalista, "estamos a falar dunha afectación ao redor de 50 persoas propietarias, das que 15 se corresponden con vivendas". Desde que en 2018 se coñeceron as intencións da Consellaría, o temor da veciñanza aumentou de xeito considerábel. Están preocupadas e preocupados polo impacto que esta obra vai ter, non só para as súas propiedades, senón tamén, para a seguridade viaria nesa zona. "Non so non se fan as beirarrúas senón que se substitúen en todo este tramo por esa senda peonil, que obriga a expropiar terreo das entradas de moitas vivendas", asegura Seara.

Sarria abriu os actos conmemorativos das Letras Galegas 2021

Con motivo da apertura oficial dos actos conmemorativos das Letras Galegas 2021, a Casa da Cultura sarriá acolleu a inauguración da exposición “Aquela nena de Sarria”, promovida por Galicia Dixital e o Colectivo Egeria co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do Concello de Sarria e da Real Academia Galega.

“Celebramos unha das voces máis destacadas da poesía galega contemporánea, poeta singular, transgresora e guía de toda unha xeración poética renovadora da poesía galega en temas, estilo e

forma”, destacou o secretario xeral de Política Lingüística na súa intervención. “Unha das mulleres máis innovadoras da cultura galega que sempre tivo a lingua galega como ferramenta de expresión e transformación da palabra poética e que sempre a dignificou desde as diferentes facetas que configuraron tanto o seu labor profesional, como tradutora e docente, como persoal”, concluíu.

Os actos contaron con recitado de poemas de Xela Arias a cargo das poetas Sonia Arias e Elena López, seguidos dunha interpretación musical a cargo de Eloi Caldeiro. Neles tamén participaron

a nai e o fillo da homenaxeada, Amparo Castaño e Darío Gil, e distintos representantes das institucións participantes.

Primeira das mostras

Aquela nena de Sarria, composta por doce paneis, reflicte o tempo sarrián e lucense de Xela Arias, a súa querenza por Sarria e o rural, o seu vencello co idioma galego e o empeño en que se recoñecese Xela como o seu nome real. Complétase con poemas dirixidos a Xela por alumnos e alumnas dos institutos sarriáns Xograr Afonso Gómez de Sarria e Gregorio Fernández, por poetas de Sarria, así como de compañeiras poetas ga-



Celebrase o 59º aniversario do nacemento de Xela Arias.

legas que seguen os camiños que Xela trazou e ata un conxunto de Vilariñas, especiais micropoemas con imaxes cos que un grupo de membros da Nova Poesía Guitirica honra a Xela no seu ano.

Dispoñible tamén desde o Portal da Lingua Galega, inclúe fotografías facilitadas pola familia

de Xela e unha serie de debuxos da pintora lucense Sabela Arias, que conforman un especial complemento ás fotografías que foron o punto de partida da autora para este traballo. Poderá visitarse en Sarria ata o 15 de marzo e percorrerá despois os centros educativos do concello lugués.

A igrexa de San Vincenzo de Pombeiro en Pantón vai ser restaurada

A Xunta vén de adjudicar por máis de 260.000 euros os traballos de restauración, conservación e mantemento da igrexa de San Vincenzo de Pombeiro, en Pantón. Trátase dun templo declarado Ben de Interese Cultural (BIC) que constitúe un dos mosteiros máis relevantes da Ribeira Sacra na época medieval e que está considerado como unha das xoias do románico en Galicia.

As actuacións impulsadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade permitirán reducir a presenza de humidades e a entrada de auga a través da cuberta, así como mellorar a carpintería das ventás, o estado das fachadas, a sancristía ou o acceso a través do adro. Así pois, entre os traballos que se levarán a cabo destaca a substitución da actual cuberta, a eliminación de humidades nas bases dos muros ou a execución de novas carpinterías nas fiestras que garantan a ventilación.

Renovaránse os rexuntados das fachadas exteriores, reordenarase o espazo da sancristía substituindo a porta de entrada e peche e renovarase a pavimentación do es-



O templo é un dos mosteiros máis relevantes da Ribeira Sacra e unha das xoias do románico en Galicia.

pazo do adro para facilitar o acceso. O prazo de execución dos traballos será de seis meses desde o inicio das actuacións.

Retablos do século XVIII

A igrexa de San Vincenzo de Pombeiro, ao igual que outros mosteiros da zona, tivo as súas orixes na Alta Idade Media, cando os anacoretas poboaron as terras da Ribeira Sacra. En concreto, data do último terzo do século XII e da primeira metade do século XIII. Conta cunha planta basilical de tres naves e cabeceira tripla. De fábrica románica conserva a cabeceira e parte dos muros peri-

metrais das naves, tanto ao interior como ao exterior.

No seu interior atesoura elementos moi destacados, como o conxunto de retablos, especialmente o maior, de principios do século XVIII, vinculado ao obra-doiro de Francisco Castro Canseco, e o ciclo de pinturas murais que se descubriron no 1996, que foron restauradas pola Xunta a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que representan a Santa Cea, as lamentacións sobre o cristo morto, o xuízo final así como outras escenas como o nacemento de cristo ou Santa Ana.

Entrega virtual dos Premios do Belén de Begonte



Unha sesión celebrada na tarde do pasado luns, efectuouse a entrega virtual de premios dos Certames de Xornalismo, Poesía e Arte do Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade impulsora do Belén Electrónico.

Desde Santiago participou Valentín García Gómez, Pregoeiro da XLIX edición de O Nadal en Begonte (Primeiro Pregoeiro Virtual) e Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; desde Begonte o Alcalde, José Ulla Rocha, e o Presidente do Centro Cultural, Jesús Domínguez Guizán; desde Madrid, o Presidente de Honra

do Belén, José Luis Hernangómez Sastre, e desde Lugo o coordinador dos certames, Xulio Xiz.

Os premiados nos diversos certames (algúns non puideron intervir por dificultades de conexión) recibirán nos seus domicilios as habituais estatuíñas de Sargadelos, séndolles aboados nas súas contas bancarias os importes económicos.

Todos os participantes congratuláronse do excepcional resultado virtual da edición do presente ano, expresando o desexo de que a próxima edición, a 50ª do Belén Electrónico, poida xa celebrarse de xeito presencial.